

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de novembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día once de novembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1079).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 21 de outubro, extraordinaria e urxente do 24 de outubro e ordinaria e extraordinaria e urxente do 28 de outubro de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1080).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 8/11/16, DE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. EXPTE. 90/1102.

Dáse conta da devandita resolución do Alcalde-Presidente, de data 8/11/16, que di o seguinte:

Vista a proposta de delegación de competencias de data 7 de novembro de 2016, do Xefe do Servizo de Administración Electrónica, conformada polo Concelleiro Ddo. De Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, co seguinte contido:

“Por Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 adoptouse acordo de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local sobre a base da súa natureza de órgano municipal que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas legalmente atribuídas.

A aprobación e posterior entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público esixe redefinir o marco de competencias entre os diferentes órganos municipais, en relación co despregue das novas tecnoloxías e a adopción dos acordos de adaptación ás continuas novidades normativas que se están a producir.

As referidas normas, así como a normativa sectorial, non contemplan, con carácter xeral, a atribución de competencias no ámbito local, polo que opera automaticamente a coñecida como cláusula residual para os municipios de gran poboación, recollida no artigo 124.4 ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), polo que este tipo de asignacións materiais recaerían no Alcalde-Presidente da Corporación.

Sen embargo, a citada resolución recollía a delegación do Alcalde na Xunta de Goberno Local, ao abeiro do disposto no artigo 124.5 LRBRL, entre outras, a *competencia para a “aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal, mesmo as que se realicen para a dirección e impulso dos servizos”*, recoñecendo a esta, na súa condición de órgano que colabora colexiadamente na dirección política, a idoneidade para a toma de decisións neste ámbito e cun alcance global para a totalidade da organización municipal.

Precisamente, en exercicio desta competencia delegada, e no marco da implantación e adaptación aos novos escenarios normativos, tecnolóxicos e organizativos expostos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 4 de novembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Impulsar a elaboración do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, coa finalidade de deseñar un marco de actuación estratéxico na alifianción das diferentes obrigas legais no desenvolvemento da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.

Segundo.- A dirección política do Plan corresponderalle ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, quedando facultado para a adopción das medidas executivas e de desenvolvemento que resulten precisas.

*Terceiro.- Constituír, a efectos de garantir a realización dos traballos materiais precisos, a Comisión Técnica do Plan, que se integrará por:
O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns
A Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo
A Secretaria do Goberno Local, Dna. M^a Concepción Campos Acuña
O Tesoureiro Municipal, D. Luis García Álvarez
A Xefa de Servizo de Inspección de Tributos, Dna. M^a del Carmen Pazos Area*

que poderá propoñer ao órgano competente a adopción das medidas necesarias para garantir a consecución dos obxectivos previstos no Plan.

Cuarto.- Todas as áreas e servizos municipais deberán colaborar no desenvolvemento dos traballos de elaboración, desenvolvemento e execución do Plan, e cando así resulte oportuno, a Comisión Técnica propondrá ao Concelleiro responsable a constitución, mediante a respectiva resolución, de Grupos de Traballo Sectoriais nos que se deberán integrar, polo menos, os responsables das áreas e servizos municipais afectados, aos que lles corresponderá a responsabilidade na tramitación dos expediente que afecten ao seu ámbito competencial que se deriven do Plan, coa correspondente emisión de informe-proposta e seguimento na súa execución.

Quinto.- De resultar necesario, para a concreción deste Plan, o despregue de produción normativa local á que resulte de aplicación o tramite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, esta desenvolverase, con carácter previo á redacción do texto normativo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo aos afectados, notificar individualmente a todos os Xefes de Área e de Servizo e ordenar a súa publicación na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e polo conxunto da organización municipal.

Polo exposto, para unha mellor e máis eficiente xestión administrativa na materialización das diversas obrigas legais dun xeito coordinado e aliñado no cumprimento dos seus obxectivos, así como pola transversalidade dos sectores implicados, resultaría preciso ampliar o réxime de delegacións do Alcalde na Xunta de Goberno Local, en base aos fundamentos legais anteriormente precisados, fórmulase ao Alcalde-Presidente a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a adopción dos acordos municipais que se precisen relativos á adaptación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS), así como en materia de Protección de Datos e Administración Electrónica.

Esta delegación enténdese sen prexuízo das competencias executivas atribuídas á Concellería Dda de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, de desenvolvemento en materia de administración electrónica.

Segundo.- A presente delegación someterase ao réxime xeral de delegacións previsto na normativa e, en particular, ao disposto na citada Resolución de Alcaldía de 19 de xuño de 2015.

Terceiro.- Notificar a presente ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, aos membros da Comisión Técnica para a Transformación Integral da Administración Municipal, e ordenar a súa publicación na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e do conxunto da organización municipal.”

RESOLVO, prestar aprobación á precedente proposta e, en consecuencia:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a adopción dos acordos municipais que se precisen relativos á adaptación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS), así como en materia de Protección de Datos e Administración Electrónica.

Esta delegación enténdese sen prexuízo das competencias executivas atribuídas á Concellería Dda de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, de desenvolvemento en materia de administración electrónica.

Segundo.- A presente delegación someterase ao réxime xeral de delegacións previsto na normativa e, en particular, ao disposto na citada Resolución de Alcaldía de 19 de xuño de 2015.

Terceiro.- Notificar a presente ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, aos membros da Comisión Técnica para a Transformación Integral da Administración Municipal, e ordenar a súa publicación na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e do conxunto da organización municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(1081).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DEFINITIVA DO CADRO DE PERSOAL EVENTUAL DA ALCALDÍA E ADSCRICIÓN DE ADXUNTO/A DIRECTOR DE GABINETE DE ALCALDÍA. EXPTE. 82/1102.

Dáse conta da proposta do Alcalde-Presidente, do 08/11/16, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 29 de abril de 2016 acordou modificar puntualmente a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e rectificacións publicadas no BOP de 26/03/2012, 12/01/2012, 23/05/2012, 03/08/201218/09/2012, 27/02/2013 e, 08/05/2013), aos efectos de adecuar a mesma ao Cadro de Persoal para o presente ano 2016, aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión de 09/12/2015.

O Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 26 de xullo de 2016 acordou, entre outros, autorizar a “Modificación do cadro de persoal” vixente (Publicación: BOP Nº 170, do 06 de setembro de 2016) na que se encadrou a “Modificación de 1 praza vacante de asesor/a Alcaldía, encadrado no persoal eventual, a fin de que sexa denominada “adxunto/a

Director de Gabinete Alcaldía”, cuxas retribucións asociadas deberán incrementarse en 11.327 euros anuais” e así mesmo a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 09 de setembro de 2016 adoptou o correspondente acordo de modificación do cadro de persoal eventual (Expte. 82/1102).

Pola súa banda, o artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, configura como persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, so realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos presupostarios consignados para este fin.

O réxime do dito persoal para o ámbito local atópase regulado nos artigos 104 e 104 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, complementada para os concellos de gran poboación, como o de Vigo, polo disposto no Título X da dita norma, no marco dos límites derivados da reforma local.

Vistos os acordos de determinación de persoal eventual municipal, así como a certificación expedida polo Rexistro Xeral da non existencia de reclamacións durante o período de exposición pública do Expte. 28637/220 de “Modificación Puntual da Vixente RPT en execución de acordo plenario de data 26/07/2016”, dada a necesidade de nomeamento dunha persoa en calidade de persoal eventual de Alcaldía quen ostentará o posto de adxunto/a Director de Gabinete de Alcaldía e sendo preceptivo o acordo da Xunta de Goberno Local (art. 127.1 h LBRL) para acordar o número e réxime do persoal eventual, é polo que esta Alcaldía-Presidencia, no exercicio das competencias legalmente atribuídas, formula a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Tomar coñecemento da elevación a definitivo do acordo de “Modificación puntual da vixente RPT en execución de acordo plenario de data 26/07/2016. Expte. 28637/220” e modificar con carácter definitivo os acordos da XGL 15/06/15, 13/08/15 e 29/04/16 de adscrición de persoal eventual de Alcaldía para a súa adecuación á vixente Relación de Postos de Traballo e cadro de persoal e, en consecuencia, modificar 1 praza vacante de asesor/a Alcaldía, encadrada no persoal eventual, a fin de que sexa denominada “adxunto/a Director de Gabinete Alcaldía en réxime de xornada completa, cunha retribución bruta anual de 41.707,84€.

Segundo.- Adscribir á Alcaldía unha persoa que ostentará a condición de persoal eventual como adxunto/a Director de Gabinete. Deste xeito o número de persoal eventual adscrito á Alcaldía será de sete persoas cos seguintes postos: secretaria do alcalde, directora de comunicación, director de gabinete, adxunto/a director de gabinete; dous postos de asesora e un posto de auxiliar administrativa.

Terceiro.- A dedicación plena do dito persoal implicará, ademais do cumprimento da xornada laboral ordinaria, a incompatibilidade para calquera actividade pública ou privada por conta allea ou propia.

Cuarto.- As retribucións anuais brutas deste persoal aboaranse en catorce pagas e revisaranse anualmente na mesma proporción que as do resto do persoal ao servizo do Concello.

Quinto.- A condición de persoal eventual implicará en todo caso a aplicación do réxime que para o mesmo contempla o artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa de concordante aplicación, podendo ser libremente nomeado e cesado consonte ao citado precepto.

Sexto.- Dispoñer que o nomeamento do persoal eventual se realice por Resolución da Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias atribuídas polo artigo 124.4, apartados b) e i), debendo publicarse a citada resolución no diario oficial que corresponda, xuntamente coas retribucións e réxime de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial.

Sétimo.- Establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número de los postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

Oitavo.- Notificar o presente acordo á Alcaldía, Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior e Xefatura do Servizo de Recursos Humanos aos efectos oportunos. Proceder á súa publicación na sede electrónica municipal de conformidade co disposto no art. 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(1082).- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO “PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS-2016” APROBADO POR X.GOBERNO DO 23/09/16. EXPTE. 119997/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 07/11/16, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, asesor xurídico adxunto e o xefe da Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e o interventor xeral, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 29.04.2016, adoptou, por proposta da Xefatura do Servizo de Benestar social, o seguinte acordo:

«1º- Aprobar o proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais para o ano 2016.

2º- Que se fai constar a continuidade na prestación dos servizos sociais comunitarios municipais

3º- Solicitar a Consellería de Traballo e Benestar unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, que ascenden a

un importe total, segundo se reflicte no resumo xeral adxunto, de 7.714.492,67 € co seguinte detalle:

-Persoal: 765.869,00 €
-Mantemento: 4.061,89 €
-Axuda no fogar:

*Modalidade de prestación básica: 392.217,37 €

*Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 1.729.122,00 €

-Xestión de programas: 4.823.222,41 €

4º- Adóptase ademais o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ao exercicio 201, na contía de 5.263.585,49 €, que supón unha porcentaxe do 40,56% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

5º- Faise constar que a sinatura de tódolos documentos, comunicacións e a orde e visto e praxe das certificacións que se remitan á Consellería de Traballo e Benestar, relacionadas co presente expediente, correspóndelle á concelleira-delegada de Política de Social, D^a Isaura Abelairas Rodríguez, segundo Decreto de delegacións de data 19 de xunio de 2015».

I.2. No DOG nº 140, do 26.07.2016 publicouse a «ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento».

I.3. Esta norma, que entrou en vigor ó día seguinte da súa publicación, modificou o Art. 47.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que quedou redactado da seguinte maneira:

«3. Para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios, e tomando como referencia o persoal financiado e correctamente xustificado no exercicio inmediatamente anterior, aplicaranse os seguintes módulos económicos:

Categoría profesional	Módulo
A 1/Grupo I	20.229,00 €
A 2/Grupo II	16.815,00 €

Categoría profesional	Módulo
C 1/Grupo III	15.144,00 €
C 2/Grupo IV	13.472,00 €
Agrupacións profesionais/Grupo V	9.426,00 €

I.4. Produciuse, en consecuencia, unha modificación da estrutura dos módulos de financiamento e unha actualización á alza das súas contías, pasando o capítulo de persoal de 765.869 € a 857.783€. A Disposición transitoria única desa ORDE (“*Posibilidade de revisar a solicitude de financiamento para o 2016*”) establece que aquelas Corporacións Locais que xa tivesen completado a presentación do seu proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais na aplicación informática <https://planconcertado.xunta.es/>, consonte co previsto no Art. 43 e seguintes do D.99/2012, do 16 de marzo, reabriráselles a posibilidade de revisar e reformular a súa solicitude de financiamento dos gastos de persoal para o 2016, coa finalidade de que poidan adaptala ós novos módulos económicos para o financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios.

I.5. Así o fixo o Concello de Vigo por proposta da Concellería de Política social, adoptando a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 23.09.2016, o seguinte acordo:

«PRIMEIRO: Reformular a solicitude de financiamento dos gastos de persoal para 2016 incluídos no proxecto anual de servizos sociais comunitarios, para os efectos previstos na «ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento», co seguinte detalle:

- Persoal: 857.783€ (antes: 765.869 €).

*SEGUNDO: Solicitar a Consellería de Política Social unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, que ascenden a un importe total, unha vez aplicada a ORDE do 13 de xullo de 2016, de 7.806.406,67€, reducíndose en consecuencia o compromiso de cofinanciamento municipal ata os **5.171.671,49€** (39,85% sobre o orzamento total do proxecto).*

TERCEIRO: Ratificar os demais extremos do acordo da Xunta de Goberno Local do 29.04.2016 e remitir unha copia do presente acordo de reformulación da solicitude á Consellería de Política Social para os efectos oportunos».

I.6. Con todo, detectouse posteriormente un pequeno erro material/aritmético na cantidade reflectida nese Apdo. segundo da parte dispositiva do acordo da XGL en concepto de compromiso de cofinanciamento municipal, que é en realidade de **5.171.669,50€** e non de “5.171.671,49€”. Como pode comprobarse, sumada esa cantidade (**5.171.669,50€**) á solicitada como cofinanciamento á Xunta de Galicia (7.806.406,67€), dá exactamente a cantidade consignada no documento resume xeral (Documento 2) como importe do orzamento total: 12.978.076,17€.

II. DEREITO

II.1. Con carácter xeral, o Art. 109.2 da LPACAP (L.39/2015) sinala que as Administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Trátase dunha facultade atribuída á Admón. para poder correxir ou rectificar, sen ningún apremio temporal, os erros materiais apreciados nun acto administrativo, coa exclusiva finalidade de impedir que un simple erro desa natureza poida pervivir ou producir efectos desorbitados, como os que suporía acudir ós trámites do procedemento de revisión.

II.2. Con todo, esa simple e directa rectificación ex Art. 109.2 LPACAP, sen máis trámites no caso presente que a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, será sempre de aplicación restrictiva e terá que limitarse a aqueles concretos supostos nos que o propio acto administrativo sexa revelador dunha equivocación manifesta e evidente por sí mesma, sen afectar á idéntica pervivencia do mesmo (SSTS do 20.07.1984, 27.02.1990 e 21.09.1998, entre outras).

II.3. En efecto, a rectificación material de erros de feito ou aritméticos ten como única finalidade a de eliminar os posibles erros na transcripción ou de simple conta e deben diferenciarse estes supostos daquelas rectificacións de maior trascendencia, non autorizadas polo precepto indicado.

Destas características participa, sen dúbida, o erro material padecido ó consignar na proposta de acordo asinada o 14.09.2016, que deu lugar ó acordo da XGL do 23.09.2016, a cantidade correspondente ó cofinanciamento municipal e que neste procedemento se pretende subsanar.

III. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar, ó abeiro do previsto no Art. 109.2 da LPACAP (L.39/2015) e para os efectos da xustificación do Proxecto anual de Servizos sociais comunitarios municipais (2016), a corrección do erro material detectado na cantidade reflectida como compromiso de cofinanciamento municipal no Apdo. segundo da parte dispositiva do acordo da Xunta de Goberno Local do 23.09.2016 (Exp. nº 119997/301), que é de **5.171.669,50€** e non de "5.171.671,49€" como se fixo constar erroneamente na proposta asinada o 14.09.2016, logo transcrita no precitado acordo.

SEGUNDO: A resultas desta corrección, a modificación dos módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e a actualización á alza das súas contías, concrétese para o Concello de Vigo do seguinte xeito:

- Persoal: 765.869 € (agora: 857.783€).
- Mantemento: 4.061,89 € (non varía).
- Axuda no fogar:
 - *Modalidade de prestación básica: 392.217,37 € (non varía).
 - *Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 1.729.122 € (non varía).
- Xestión de programas: 4.823.222,41 € (non varía).
- Importe do financiamento solicitado en abril de 2016: 7.714.492,67 € (agora: 7.806.406,67€).
- Compromiso de cofinanciamento municipal (abril 2016): 5.263.585,49 € (= 40,56% sobre o orzamento total do proxecto). Agora: 5.171.669,50€ = 39,85%».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1083).- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO PARA O PARQUE MÓBIL. EXPTE. 11789/445.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 7/11/16, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

8.- Incidencias

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a adquisición dun vehículo tipo dumper para carga de materiais de obra (chasis e carrozado) para o Parque Móbil municipal do Concello de Vigo (11789-445)

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)*
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)*
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011*
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do subministro para a adquisición dun vehículo tipo dumper para carga de materiais de obra (chasis e carrozado) para o Parque Móbil municipal do Concello de Vigo*

ANTECEDENTES

Único.- A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

“8.- Incidencias

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a adquisición dun vehículo tipo dumper para carga de materiais de obra (chasis e carrozado) para o Parque Móbil municipal do Concello de Vigo (11789-445)

Á vista do certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 31 de outubro de 2016, no que se fai constar que durante o prazo para a presentación de proposicións neste procedemento “non se presentou ningunha proposta”, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

- Propoñer á Xunta de Goberno local que declare deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro para a adquisición dun vehículo tipo dumper para carga de materiais de obra (chasis e carrozado) para o Parque Móbil municipal do Concello de Vigo (11789-445) por non terse presentado ningunha proposición no prazo concedido”.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que a esta licitación non se presentou ningún licitador, tal e como consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 31 de outubro de 2016, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro para a adquisición dun vehículo tipo dumper para carga de materiais de obra (chasis e carrozado) para o Parque Móbil municipal do Concello de Vigo (11789-445) por non terse presentado ningunha proposición no prazo concedido”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(1084).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MEDALLAS E TROFEOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS PROPIAS DO CONCELLO DE VIGO NA PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA. EXPTE. 14972/333.

Visto o informe de fiscalización do 8/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 3/11/16, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

9.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa “Calendario de eventos deportivos” (14972-333) (lotes 1 e 2)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa “Calendario de eventos deportivos”.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de outubro de 2016, da empresa EUROCEBRIÁN, SL por non ter presentado un novo sobre C durante o prazo concedido a todos os licitadores que concorreron a esta licitación a través da notificación de data 20 de setembro de 2016 (registro de saída número 23.758).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa “Calendario de eventos deportivos” (14972-333) na seguinte orde descendente:

LOTE Nº 1 MEDALLAS

	Empresas	Puntuación
1	CARLOS FERNANDEZ POL	94,08
2	UTE PREMIUM EQUIPAMIENTO DEPORTIVO SL – PEDRO FULGENCIO DOLERA ROBLES	65,86
3	SPORT MARTINEZ VILA, SL	39,20
4	OSCAR GUIMERANS RODRIGUEZ	7,71

LOTE Nº 2 TROFEOS

	Empresas	Puntuación
1	CARLOS FERNANDEZ POL	97,75
2	UTE PREMIUM EQUIPAMIENTO DEPORTIVO SL – PEDRO FULGENCIO DOLERA ROBLES	76,81
3	SPORT MARTINEZ VILA, SL	65,18
4	OSCAR GUIMERANS RODRIGUEZ	34,67

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes (lote nº 1: medallas e lote nº 2: trofeos), CARLOS FERNÁNDEZ POL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 1.132,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes (lote nº 1: medallas e lote nº 2: trofeos), CARLOS FERNÁNDEZ POL, o día 25 de outubro de 2016, que presenta a documentación requirida o 31 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 2 de novembro de 2016, examina tanto a documentación achegada pola empresa como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes (lote nº 1: medallas e lote nº 2: trofeos), CARLOS FERNÁNDEZ POL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante, para os dous lotes, é a formulada por CARLOS FERNÁNDEZ POL, de acordo cos informes emitidos polo xefe da Área de Investimentos sobre valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e valoración da proposición avaliable mediante fórmula do 8 de setembro de 2016 e 11 de outubro de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. “Adxudicar a CARLOS FERNÁNDEZ POL, o LOTE nº 1 (medallas) do procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa “Calendario de eventos deportivos” (14972-333), polo prezo total de 69.640,00 euros e segundo os prezos unitarios e os prazos de entrega que figuran na súa oferta.

2. Adxudicar a CARLOS FERNÁNDEZ POL, o LOTE nº 2 (trofeos) do procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa "Calendario de eventos deportivos" (14972-333), polo prezo total de 50.360,00 euros e segundo os prezos unitarios e os prazos de entrega que figuran na súa oferta.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada para ambos lotes".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1085).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE IV. EXPTE. 3918/440.

Visto o informe de fiscalización do 8/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/16, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de outubro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

3.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 18 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 7 de outubro de 2016, da empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL (por non declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional suficiente esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 8 das follas de especificacións do contrato do referido prego).

Segundo.- Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan do procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440), por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 6 de outubro de 2016:

1. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL
3. NAROM, SL
4. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA
5. ORESA, SL
6. COPCISA, SA

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440) na seguinte orde descendente:

Empresas	Puntuación
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	86,08
CONSTRUCCIONES FECHI SLU	84,92
UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	84,63
CIVIS GLOBAL SLU	83,79
CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA	83,06
ELSAMEX, SA	81,68
MONTAJES J M IGLESIAS, S L	79,04
ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	79,00
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL	76,82
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA	68,06
GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	20,73

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 629,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, o día 18 de outubro de 2016, que presenta a documentación requirida o 27 de outubro, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- A Mesa de contratación na sesión do 28 de outubro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliabile mediante xuízo de valor e mediante fórmula do 13 de setembro e do 7 de outubro de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, o procedemento aberto para a contratación obras de Humanización da rúa Aragón - Fase IV coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 406.836,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 70.608,00 euros.*
- b) O prazo de garantía increméntase en 120 meses, polo que o prazo total é de 132 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1086).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE II. EXPTE. 3924/440.

Visto o informe de fiscalización do 8/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/16, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de outubro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

3.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 18 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 7 de outubro de 2016, da empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL (por non declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional suficiente esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 8 das follas de especificacións do contrato do referido prego).

Segundo.- Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440), por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 6 e 10 de outubro de 2016

1. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU

2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL
3. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL
4. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA
5. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL
6. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA
7. NAROM, SL
8. CIVIS GLOBAL, SLU
9. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL
10. COPCISA, SA
11. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440) na seguinte orde descendente:

Empresas	Puntuación
MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL	84,62
CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA	82,51
NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU - UTE CONSTRUCCIONES RAMIREZ	82,24
CONSTRUCCIONES VALE, SL	80,16
ELSAMEX, SA	78,15
ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	77,59
GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	21,88

Cuarto.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 640,20 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL, o día 18 de outubro de 2016, que presenta a documentación requirida o 27 de outubro, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- A Mesa de contratación na sesión do 28 de outubro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliable mediante xuízo de valor e mediante fórmula do 19 de setembro e do 10 de outubro de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL, o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino - Fase II coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 389.931,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 67.673,97 euros.*
- b) O prazo de garantía increméntase en 53 meses, polo que o prazo total é de 65 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1087).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA II EDICIÓN CROSS FRIAN, O VINDEIRO DOMINGO, 13 DE NOVEMBRO DE 2016. EXPTE. 15054/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 8/11/16, asinado polo coordinador deportivo, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade ANPA GONDERÁN, con CIF (G36718674), solicitou a través do Rexistro Municipal (Doc. 160136278), autorización ó Concello de Vigo para organizar a II EDICION CROSS FRIAN nun espazo público o día 16/10/2016. A mesma entidade, en escrito de data 13/10/2016 comunicou a suspensión da proba, polo que o expediente, foi retirado da Xunta de Goberno Local. A nova proposta de realización é a seguinte:

- Nome do evento: II EDICION CROSS FRIAN
- Data: 13 DE NOVIEMBRE DE 2016
- Horario: DE 11.00H A 14.00H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 13 de novembro de 2016, a proba comezará ás 11.00h dende o Colexio Público Frian Teis na rúa Gondaren e percorrerá ata a rúa Cantabria nº 308.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local
- Seguridade

A proba tamén foi comunicada a Protección Civil, para contar coa súa colaboración no desenvolvemento do evento.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a ANPA GONDERÁN, con CIF (G36718674), a organizar a proba deportiva denominada II EDICION CROSS FRIAN, o vindeiro domingo 13 de novembro de 2016, a proba comezará ás 11.00 h dende o Colexio Público Frian Teis na rúa Gondaren e terá o seu percorrido ata a rúa Cantabria nº 308 onde se atopará a meta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1088).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “IV CARREIRA SOLIDARIA POLA ESCLEROSE MÚLTIPLE” O VINDEIRO 20 DE NOVEMBRO DE 2016. EXPTE. 15057/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 08/11/16, asinado polo coordinador deportivo, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A asociación ATEMPO co CIF (G36642726), solicitou o día 26-04-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160052765), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: IV CARREIRA SOLIDARIA POLA ESCLEROSE MÚLTIPLE*
- *Data: 20 de novembro de 2016*
- *Horario: DE 11.00H A 13.00H.*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 20 de novembro de 2016. A proba comezará ás 11.00h, cunha duración aproximada de dúas horas. Esta proba terá o percorrido seguinte: saída dende a Alameda Suárez Llanos ás 11.00h e percorrerá pola rúa de Pescadores, Avda. E. Cabello, Beiramar, Jacinto Benavente, Coruña, Tomás Alonso para rematar na Alameda Suárez Llanos.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*
- *Seguridade*

Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á asociación AVEMPO co CIF (G36642726), en base á solicitude de data 26-04-2016, presentada a través do Rexistro Municipal (Doc. 160052765), a que o viiñdeiro domingo 20 de novembro de 2016, en horario de 11 a 13 horas, a desenvolver a IV CARREIRA SOLIDARIA POLA ESCLEROSE MÚLTIPLE, que terá o seguinte percorrido: saída dende a Alameda Suárez Llanos ás 11.00h e percorrerá pola rúa de Pescadores, Avda. E. Cabello, Beiramar, Jacinto Benavente, Coruña, Tomás Alonso para rematar na Alameda Suárez Llanos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1089).- SUBVENCIÓN A FAVOR DO REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO POLA DINAMIZACIÓN DO SEU PROXECTO DEPORTIVO DURANTE A TEMPADA 2015/2016. EXPTE. 15421/333.

Visto o informe xurídico do 20/10/16 e o informe de fiscalización do 4/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 19/10/16, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade Real Club Celta de Atletismo polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2015/2016.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo conta cun equipo de elite na modalidade de Atletismo na categoría Primeira Nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Primeira Nacional hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2015/2016, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu

entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Real Club Celta de Atletismo e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Real Club Celta de Atletismo para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Real Club Celta de Atletismo durante a tempada deportiva 2015/2016, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría Primeira Nacional na tempada deportiva 2015/2016 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 16.000,00€. a favor da entidade Real Club Celta de Atletismo co CIF: G-36694319 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu

secretario que figura na documentación do expediente núm. 15421-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.04 do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016 (EXPTE. 15421-333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Concelleiro de deportes, D. José Manuel Fernández Pérez.

Doutra, D. José Ángel Serantes Arias como presidente da entidade R.C. Celta de Atletismo CIF nº G-36945319 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15421-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade R.C. Celta de Atletismo conta cun equipo de élite que participa na categoría Primeira Nacional desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade R.C. Celta de Atletismo desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2015/2016.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade R.C. Celta de Atletismo impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do atletismo en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.04 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00€, a favor da entidade deportiva R.C. Celta de Atletismo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade R.C. Celta de Atletismo na tempada deportiva 2015/2016.

VI.- Que a entidade R.C. Celta de Atletismo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15421-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade R.C. Celta de Atletismo o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade R.C. Celta de Atletismo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Atletismo na tempada 2015/2016.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade R.C. Celta de Atletismo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade R.C. Celta de Atletismo (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade R.C. Celta de Atletismo unha subvención por importe de 16.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.04 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar no financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2015/2016.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2015/2016, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación

deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade no financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as*

esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo ou polo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2015/2016. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2015/2016, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de _____ de 2016.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1090).- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CLUB FEMENINO CELTA POLO DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO DEPORTIVO DURANTE A TEMPADA 2015/2016. EXPTE. 15422/333.

Visto o informe xurídico do 20/10/16 e informe de fiscalización do 04/11/16, dáse conta do informe-proposta do 19/10/16, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrucción remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade Club Atletismo Femenino Celta polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2015/2016.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta conta cun equipo de élite na modalidade de Atletismo na categoría Primeira División Nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Primeira División Nacional hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2015/2016, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Club Atletismo Femenino Celta e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.*
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Club Atletismo Femenino Celta para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a

normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que "Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos".

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolvida pola entidade Club Atletismo Femenino Celta durante a tempada deportiva 2015/2016, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría Primeira División Nacional na tempada deportiva 2015/2016 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 16.000,00€. a favor da entidade Club Atletismo Femenino Celta co CIF: G-36927689 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15422-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.03 do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016 (EXPTE. 15422-333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Concelleiro de deportes, D. José Manuel Fernández Pérez

Doutra, Dna. Paula Mariño Gonda como presidenta da entidade Club Atletismo Feminino Celta CIF: G-36927689 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15422-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Club Atletismo Feminino Celta conta cun equipo de élite que participa na categoría Primeira División nacional desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Club Atletismo Feminino Celta desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2015/2016.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Club Atletismo Feminino Celta impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Atletismo en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*

- *Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- *A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.03 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00€, a favor da entidade deportiva Club Atletismo Feminino Celta.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ó financiamento do proxecto xeral da entidade Club Atletismo Feminino Celta na tempada deportiva 2015/2016.

VI.- Que a entidade Club Atletismo Feminino Celta non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15422-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Atletismo Feminino Celta o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Atletismo Feminino Celta comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- *Programa Municipal de escolas deportivas.*
- *Xornadas de formación.*
- *Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.*
- *Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- *...*

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Atletismo na tempada 2015/2016.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Atletismo Feminino Celta na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Atletismo Feminino Celta (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Atletismo Feminino Celta unha subvención por importe de 16.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.03 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2015/2016.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2015/2016, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as

actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións

obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2015/2016. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da

subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2015/2016, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2016.

13(1091).- BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2016-2017”. EXPTE. 6679/335.

Visto o informe xurídico do 7/11/16, dáse conta do informe-proposta do 02/11/16, asinado polo técnico de xestión do Servizo de Festas, conformado pola xefa do servizo e pola concelleira-delegada de Festas, que di o seguinte:

O Servizo de Festas está a organizar a tradicional Cabalgata de Reis, que terá lugar o día 5 de xaneiro de 2017, xoves, na cidade de Vigo.

Como vén sendo habitual, o Concello ofértalle aos nenas e nenos da nosa cidade a posibilidade de participar activamente neste evento, mediante a convocatoria do concurso: "Vente cos Reis Magos".

O concurso ten por obxecto seleccionar a corenta nenos e nenas da cidade para acompañar ás súas maxestades nas carrozas reais, dentro da comitiva real. Este concurso ten como única limitación a idade dos participantes por motivos de seguridade, nesta edición, tan só poden tomar parte os nados entre o 1 de xaneiro de 2004 e o 31 de decembro de 2008. A inscrición para o concurso realízase cumprimentando unha solicitude, previamente distribuída nos colexios e Centros Culturais e veciñais da cidade, que se pode depositar na caixa de correos existente na lonxa do Concello e nas caixas de correos depositadas nos Centros cívicos de Teis, Coruxo, Casco Vello e Saiáns . Os pais, nais ou titores dos nenos agraciados terán que asinar a pertinente autorización ou, se é o caso, renuncia.

Á vista do exposto, previo o informe do Secretario da administración municipal e coa conformidade da concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, faise á Xunta de Goberno a seguinte,

PROPOSTA:

"Que se aproben as Bases de participación que se achegan no expediente correspondentes ao concurso 'Vente cos Reis Magos' 2016-17 e que teñen por obxecto seleccionar a corenta nenos/as para acompañar aos Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2017.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO "VENTE COS REIS MAGOS 2016-17"

1. O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos para acompañar os Reis Magos, na Cabalgata de Reis, que terá lugar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2017. As/os nenas/os serán repartidos en grupos de dez nas tres carrozas reais e na do Carteiro Real.
2. Neste concurso poderán participar todas/os nenas e nenos da cidade que o desexen; a única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2004 e o 31 de decembro de 2008, ambos inclusive. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.
3. Para participar só será necesario cubrir o boletín de inscrición que poderán recoller na oficina de Información da lonxa da Casa do Concello. Só se aceptará un boletín por nena/o, sendo eliminados do concurso aqueles que presenten máis dun.
4. As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carteiro real que se instalarán na Lonxa da Casa do Concello e nos Centros cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saiáns. O prazo de inscrición comezará o día 1 de decembro e finalizará ás 20:00 horas do día 16 de decembro de 2016.

5. O sorteo realizarase o día 22 de decembro de 2016, ás 12:00 horas, na Casa do Concello.
6. No sorteo, ademais dos nenas e nenos seleccionadas/os, sacaranse un total de doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.
7. Os pais, nais ou titores das nenas e dos nenos agraciados no sorteo deberán, tras a comunicación da Concellaría de Festas e Turismo, asinar a pertinente autorización e acreditar, mediante a presentación do libro de familia, non só a idade senón, a paternidade ou maternidade, ou titoría, no seu caso. De ser o caso, poderán asinar a renuncia.
8. O Concello de Vigo ofreceralles ás nenas e aos nenos seleccionados un disfraz, que entregarán unha vez finalizada a cabalgata.
9. O Concello de Vigo disporá dunha póliza que cubra a responsabilidade civil polos danos que as nenas ou nenos puidesen sufrir ou provocar con ocasión desta acción.
10. A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.

14(1092).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2016. EXPTE. 6682/335.

Dáse conta do informe-proposta de data 7/11/16, asinado polo técnico de Xestión do Servizo de Festas, a xefa do Servizo e a concelleira-delegada de Festas, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2016, aprobadas polo Pleno con data 09/12/2015, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de outubro de 2016.

Expte: 6664/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DUN SERÁN TRADICIONAL CON MOTIVO DO SAMAÍN 2016

Decreto concelleira data: 21/10/2016

Informe Intervención: RCM 97848

Adxudicatario: ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA E CULTURAL O FIADIERO

Importe total: 4.100,00 EUROS

Expte: 6665/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN LUME PARA O SAMAÍN 2016

Decreto concelleira data: 21/10/2016

Informe Intervención: RCM 97849

Adxudicatario: TROULA ANIMACIÓN SL

Importe total: 3.630,00 EUROS

Expte: 6666/335. CONTRATACIÓN DE OBRADOIROS INFANTÍS PARA O SAMAÍN 2016

Decreto concelleira data: 26/10/2016

Informe Intervención: RCM 101002

Adxudicatario: MEKANÉ DIDÁCTIA SLU e BARAFUNDA SL

Importe total: 5.181,00 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

15(1093).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE IGUALDADE DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2016. EXPTE. 7378/224.

Dáse conta do informe-proposta do 2/11/16, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira de dito Servizo e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de outubro do ano 2016.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
7289-224	CMSE	Impartición cursos de Percusión e Canto Tradicional do programa "Ser muller é unha boa idea"	Elena Pérez Posada	23112260600	07/10/16	1.602,00 €
7290-224	CMSE	Impartición cursos de Debuxo, Retrato e Caricatura do programa "Ser muller é unha boa idea"	Mª Carmen Lamas Estévez	23112260600	07/10/16	1.296,00 €
7291-224	CMSE	Impartición curso de Axilidade Mental e Memoria do programa "Ser muller é unha boa idea"	Mónica Calvo Serrano	23112260600	07/10/16	720,00 €
7292-224	CMSE	Impartición curso de loga do programa "Ser muller é unha boa idea"	Asoc. Gallega de Aerobic, Fitness e Saúde	23112260600	07/10/16	432,00 €
7293-224	CMSE	Impartición cursos de TaiChí e Pilates do programa "Ser muller é unha boa idea"	Mª Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	07/10/16	1.008,00 €
7294-224	CMSE	Impartición curso de Teatro do programa "Ser muller é unha boa idea"	E. Alejandra Abreu Pérez	23112260600	07/10/16	648,00 €
7296-224	CMSE	Traslado alumnado aos obradoiros de prevención da violencia no mes de outubro	Autocares Rías Baixas	23112279906	13/10/16	3.000,00 €
7297-224	CMSE	Impartición de obradoiros para prevención da violencia de xénero para centros de ensino	Ianire Estébanez Castaño	23112279906	13/10/16	2.800,00 €
7298-224	CMSE	Impartición curso de Risoterapia do programa "Ser muller é unha boa idea"	Mª Pilar Lorenzo Represas	23112260600	07/10/16	576,00 €
7302-224	CMSE	Impartición cursos de Pilates e Tai-Chí do programa "Ser muller é unha boa idea"	Mª Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	10/10/16	1.008,00 €

7309-224	CMSE	Impartición curso de Axilidade Mental e Memoria do programa "Ser muller é unha boa idea"	Asociación de Mulleres Monitoras	23112260600	07/10/16	540,00 €
7312-224	CMSE	Impartición curso Coñece a Cidade através da súa historia do programa "Ser muller é unha boa idea"	Purificación Pérez González	23112260600	10/10/16	504,00 €
7322-224	CMSE	Xornadas Municipais sobre Violencia de Xénero	Xenérico	23112260602	14/10/16	7.000,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

16(1094).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2016. EXPTE. 2149/334.

Dáse conta do informe-proposta do 7/11/16, asinado pola xefa do Servizo de Normalización Lingüística, e a concelleira de dito Servizo, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, aprobadas polo Pleno con data 28/02/2005, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de outubro de 2016.

Expediente	2132-334. Obradoiros de improvisación teatral, actividade formativa do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo-CIOV
Decreto concelleira	data 7 de outubro de 2016
Informe Intervención	RC 93299
Adxudicatario	Manuel Polo Pérez
Importe	1.008,00 euros

Expediente	2134-334. Obradoiro de lingua galega: curso de auga salgada <i>Chegou o mar á ribeira</i>
Decreto concelleira	data 7 de outubro de 2016
Informe Intervención	RC 93300
Adxudicatario	Xurxo Martínez González
Importe	720,00 euros

Expediente	2139-334. Curso de lingua galega <i>Achégate ao galego. Iníciate co galego</i>
Decreto concelleira	data 13 de outubro de 2016
Informe Intervención	RC 95796
Adxudicatario	Ana María Vázquez Facchini

Importe	1.548,00 euros
---------	----------------

Expediente	2140-334. Obradoiros de regueifa para primaria e certame
Decreto concelleira	data 13 de outubro de 2016
Informe Intervención	RC 95797
Adxudicatario	ORAL de Galicia
Importe	2.800,00 euros

Expediente	2141-334. Obradoiros de dinamización do galego nos centros de ensino <i>A ciencia en galego</i>
Decreto concelleira	data 13 de outubro de 2016
Informe Intervención	RC 95798
Adxudicatario	Marcelo Rodríguez Acosta (faia-educación ambiental)
Importe	4.000,00 euros

Expediente	2142-334. Actividades do programa <i>Vigo literario</i> para realizar nos centros de ensino, destinadas a alumnado da ESO
Decreto concelleira	data 13 de outubro de 2016
Informe Intervención	RC 95831
Adxudicatario	TRESPÉS, Sociedade Cooperativa Galega
Importe	1.584,52 euros

Expediente	2146-334. Subministro de libros da colección <i>Historias para coñecermos Vigo</i>
Decreto concelleira	data 25 de outubro de 2016
Informe Intervención	RC 100303
Adxudicatario	Mundo Detrás del Marco, S.L. (Editorial Elvira)
Importe	5.790,72 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

17(1095).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 9.652,29 € A FAVOR DE TAELO S. COOP POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓNS PARA OS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS-AGOSTO E SETEMBRO DE 2016. EXPTE. 50699/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27/10/16, dáse conta do informe-proposta do 18/10/16, asinado polo xefe de área de Seguridade e Mobilidade, o intendente da Policía Local e o concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A mercantil TAELO S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 presenta a través da plataforma FACE:

- Factura de data 07/09/2016, nº. TR80086/16 por importe de 7.643,90 € (IVE incluído) polo concepto de "infraestrutura e mantemento da rede trunking de comunicacións, período agosto de 2016", expte. 50700/212.
- Factura de data 03/10/2016, nº TR80087/16, por importe de 2008,39 € (IVE incluído) polo concepto de "infraestrutura e mantemento da rede trunking de comunicacións (só servizo de Bombeiros), correspondente ao mes de setembro de 2016 ", expte.50701 /212.

Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar un expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 por importe total de 9.652,29 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacións para os Corpos de Policía Local e Prevención e Extinción de Incendios, correspondente ao período de agosto e setembro de 2016, segundo as facturas Nº. TR80086/16 e Nº TR80087/16, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo .

A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrucción Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- As facturas traen causa dunha prestación de servizo levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, por motivos técnicos e materiais, non se fai un uso pleno do servizo de comunicacións da rede dixital de emerxencias e seguridade de Galicia.

O contrato coa mercantil rematou o 31 de maio de 2014 e, en tanto no se transitou hacia o sistema público, o Concello seguiu precisando o servizo de radiocomunicacións, imprescindible para a eficaz prestación dos servizos de seguridade e extinción de incendios.

Non en tanto a prestación durante este período de tránsito carece de mercado, é claramente un obxecto contractual residual. A forte inversión que require a infraestrutura de comunicacións fai absolutamente inviable para calquera empresa distinta da última adxudicataria- TAELO, por ser a titular da rede e das infraestructuras- o contrato por alo menos seis anos, sempre en termos de economía e eficiencia do gasto para o Concello. Ademais a adxudicación a outra empresa xeraría gastos adicionais de reprogramación dos actuais terminais ou compra doutros novos. Soamente a comercial TAELO, adxudicataria dos contratos de radiocomunicacións dende 2001, como titular da infraestrutura de comunicacións, está en disposición de ofrecer a prestación durante este tempo de tránsito ao servizo público, ao prezo da factura presentada, que foi o pagado durante o período da prórroga correspondente ao 2014. Calquera outra opción apartase notoria e intolerablemente dos principios de eficacia e eficiencia do gasto. Por outra parte, dada a singular e ventaxosa situación na que se atopa a comercial non resulta vulnerado o principio de igualdade.

Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do

enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.

Terceiro.- As facturas responden aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).

En canto ao importe das facturas (unha de 7.643,90 €, e a outra de 2.008,39 € – só para Bombeiros, ive engadido ambas as dúas) responde a estimacions de mercado e as propias previsións do contrato extinguido ante a eventualidade da súa prórroga (apartado 9º das follas de características do contrato: variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas).

Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1320.208.0000 (aluguer da recepción trunking) e o seu nivel de vinculación xurídica. Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.

Ao expediente incorporáronse tamén sendas declaracións do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.

En todo o demáis axustase a Instrución nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.

Cuarto.- O servizo de radiocomunicacións resulta absolutamente imprescindible para a efectiva prestación dos servizos de Policía Local e prevención e Extinción de Incendios; ambos servizos constitúen materias sobre as que os Municipios ostentan competencias propias, directamente incardinables na autonomía local, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, de conformidade co art. 25.2, f) e 26.1,c) en relación co art. 7.2 e concordantes da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, 27 decembre, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local .

A concreción do interese local nestas materias e a conseguinte atribución de competencias que reclama a garantía constitucional da autonomía local, levase a cabo polo lexislador sectorial especialmente na Lei 2/1986, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade; a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local; a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Quinto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.

En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO:

–Aprobar a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva (convalidación) por importe total de 9.652,29 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacións para os Corpos de Policía Local e Prevención e Extinción de Incendios, correspondente ao período de agosto e setembro de 2016, segundo facturas Nº. TR80086/16 (de 7.643.9 €) e Nº TR80087/16 (de 2008,39 €), aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

–Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a percibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000 (aluguer da recepción trunking) e o su nivel de vinculación xurídica.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1096).- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA CONCELLERÍA-DELEGADA DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 28332/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 8/11/16, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

ÚNICO.- Durante o mes de outubro, foron dictadas pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal as resolucións que se indican, no exercicio das competencias que en materia de recursos humanos ostenta o dito órgano segundo o réxime de delegación competencial establecido para o período 2015-2019 (Decreto Excm. Alcaldía de 19/06/2015 e acordo XGL de mesma data, coas actualizacións correspondentes).

En consecuencia, e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, e en cumprimento do establecido nos actos administrativos de delegación citados en relación á dación de conta do exercicio das competencias delegadas, así como no previsto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola presente proponse:

“ÚNICO.- Tomar razón, e en consecuencia quedar enterada, das resolucións dictadas pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal no exercicio das competencias atribuídas en materia de recursos humanos, segundo o réxime de delegación competencial establecido para o período 2015-2019, durante o mes de outubro de 2016, concretadas na relación seguinte:

–Decreto de data 04/10/2016 (expediente administrativo nº 28709-220): Solicitud de encomenda das funcións da xefatura de Cultura e Bibliotecas ao xefe do servizo de Xestión e Promoción cultural.

–Decreto de data 05/10/2016 (expediente administrativo nº 28753-220): Comunicación renuncia posto de traballadora social, nº de persoal 82991.

–Decreto de data 05/10/2016 (expediente administrativo nº 28743-220): Renuncia como auxiliar admvo. e certificado de servizos prestados, nº de persoal 82982.

–Decreto de data 07/10/2016 (expediente administrativo nº 28740-220): Reasignación de efectivos á área de Recursos Humanos e Formación, nº de persoal 83519.

–Decreto de data 11/10/2016 (expediente administrativo nº 28588-220): Achega alegacións en relación á declaración da situación administrativa de suspensión de funcións, nº persoal 18490.

–Decreto de data 13/10/2016 (expediente administrativo nº 28666-220): Solicita disfrutar del permiso no retribuido desde el 15 de noviembre hasta el 31 de diciembre 2016 por motivos personales, nº persoal 80591.

–Decreto de data 14/10/2016 (expediente administrativo nº 28653-220): Autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao persoal do servizo do Parque Central para os meses de outubro, novembro e decembro de 2016.

–Decreto de data 14/10/2016 (expediente administrativo nº 28656-220): Autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao persoal do taller de Vías e Obras para os meses de outubro, novembro e decembro de 2016.

–Decreto de data 14/10/2016 (expediente administrativo nº 28655-220): Autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao persoal do servizo do Parque Móbil para os meses de outubro, novembro e decembro de 2016.

–Decreto de data 14/10/2016 (expediente administrativo nº 28657-220): Autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao persoal do servizo de Vías e Obras (Inspección de Obras) para os meses de outubro, novembro e decembro de 2016.

–Decreto de data 14/10/2016 (expediente administrativo nº 424-201): Autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao persoal do servizo de Conserxería para os meses de outubro, novembro e decembro de 2016.

–Decreto de data 14/10/2016 (expediente administrativo nº 28684-220): Autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao persoal do servizo de Cultura e Bibliotecas para os meses de outubro, novembro e decembro de 2016.

–Decreto de data 17/10/2016 (expediente administrativo nº 28629-220): Reasignación como consecuencia de adaptación de posto de traballo do traballador con nº persoal 22881.

–Decreto de data 18/10/2016 (expediente administrativo nº 28652-220): Autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao persoal do servizo de Seguridade e Mobilidade para os meses de outubro, novembro e decembro de 2016.

–Decreto de data 19/10/2016 (expediente administrativo nº 28788-220): Autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao persoal da OSPIO para os meses de outubro, novembro e decembro de 2016.

–Decreto de data 19/10/2016 (expediente administrativo nº 28654-220): Autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao persoal do servizo de Limpeza para os meses de outubro, novembro e decembro de 2016.

–Decreto de data 24/10/2016 (expediente administrativo nº 28778-220): Autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao persoal do servizo de Montes, Parques e Xardíns para os meses de outubro, novembro e decembro de 2016.

–Decreto de data 24/10/2016 (expediente administrativo nº 27513-220): Acumulacion de tarefas exercicio 2016 do empregado co nº persoal 80495.

–Decreto de data 28/10/2016 (expediente administrativo nº 28713-220): Autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao persoal de Museos para os meses de outubro, novembro e decembro de 2016.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

19(1097).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DE INSPECTOR MUNICIPAL DA POLICÍA LOCAL (OEP 2010-2011, 2ª FASE) POR IMPORTE DE 322,52 EUROS. EXPTE. 28772/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/10/16, dáse conta do informe-proposta do 02/11/16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 14/09/2012, aprobou as bases xerais reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2010-2011 (publicadas no DOG nº 240 de 18/12/2012), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Así mesmo, aprobou nas súas sesións de datas 05/12/2013 e 13/12/2013, as bases específicas da 2ª fase da dita OEP 2010-2011 (publicadas no DOG nº 245 de 24/12/2013). Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 23407/220.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 27309/220.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo de Inspector Principal da Policía Local, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

En data 10 de outubro de 2016, asíñase Informe Proposta no que se propón:

“Compromete-lo gasto de 322,52 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D. Francisco Martínez Muñoz, presidente titular, (núm. persoal 13712), con NIF 36.023.165-J, unha asistencia de 45,89 €.

D. Secundino Otero Faílde, secretario suplente (nº persoal 21640), con DNI nº 76.812.999-Z, unha asistencia de 45,89 €.

D. Ezequiel Fernández Carpintero, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 16283), con NIF 36.040.789-L, unha asistencia de 42,83 €.

D. Jorge Souto Galán, con DNI 32.420.157-R, vogal do órgano de selección, con domicilio en Lugar de Santa Leocadia número 10, CP 15690-Arteixo, unha asistencia de 42,83 €, a abonar no número IBAN ES17 0182 2800 1602 0161 6862.

D. José Manuel González Abal, con DNI 52.470.596-Y, vogal do órgano de selección, con domicilio en Pintor Arturo Souto nº1-6ª - 36004 Pontevedra, unha asistencia de 42,83 €, a abonar no número IBAN ES97 2080 5143 2130 0000 8249."

Dito informe proposta foi obxecto de fiscalización favorable con data 13/10/2016, realizándose Reserva de Crédito nº 95819 por importe de 322,52 €.

Se ben o montante total do expediente e da reserva de crédito efectuada é o correcto (322,52 €), detectase erro na asignación de dietas a D. Jorge Souto Galán e D. José Manuel González Abal, polo que, segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas polo que as Administracións Públicas, tanto de oficio como a instancia de parte, poderán en calquera momento rectificar os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus propios actos, debe procederse á corrección do dito erro.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, e a delegación competencial por Decreto de Alcaldía e Acordo da XGL de 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Rectificar, de conformidade co previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas o Informe Proposta de data 10/10/2016, debendo figurar o seguinte:

"Compromete-lo gasto de 322,52 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D. Francisco Martínez Muñoz, presidente titular, (núm. persoal 13712), con NIF 36.023.165-J, unha asistencia de 45,89 €.

D. Secundino Otero Faílde, secretario suplente (nº persoal 21640), con DNI nº 76.812.999-Z, unha asistencia de 45,89 €.

D. Ezequiel Fernández Carpintero, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 16283), con NIF 36.040.789-L, unha asistencia de 42,83 €.

D. Jorge Souto Galán, con DNI 32.420.157-R, vogal do órgano de selección, con domicilio en Lugar de Santa Leocadia número 10, CP 15690-Arteixo, unha asistencia de 42,83 €, máis kilometraje 318 Km. x 1 x 0,19 (60,42 €), e gastos de peaxe por 26,65 €, o que supón un total de 129,90 € a abonar no número IBAN ES17 0182 2800 1602 0161 6862.

D. José Manuel González Abal, con DNI 52.470.596-Y, vogal do órgano de selección, con domicilio en Pintor Arturo Souto nº1-6ªA - 36004 Pontevedra, unha asistencia de 42,83 €, máis kilometraxe 42 Km. x 1 x 0,19 (7,98 €), e gastos de peaxe por 7,20 €, o que supón un total de 58,01 €, a abonar no número IBAN ES97 2080 5143 2130 0000 8249.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1098).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN POLA CAMPAÑA DE DESRATIZACIÓN. EXPTE. 28779/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2/11/16, dáse conta do informe-proposta do 13/10/16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

A iniciativa da Sra. Directora do Laboratorio Municipal coa conformidade da concelleira-delegada da área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, proponse á Xunta de Goberno Local a aprobación dun complemento de produtividade ao persoal pola realización dunha campaña de desratización do termo municipal de Vigo para o presente ano 2016 e que sería acometida directamente polo propio persoal adscrito ó Servizo de Desinfección, coa colaboración de dun oficial conductor adscrito ó Parque Móbil municipal.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 03/05/2016 acordou a aprobación da realización da devandita campaña, así como dispoñer que polo Servizo xestor se proceda a remisión ao Servizo de Recursos Humanos de informe acreditativo da efectiva realización dos traballos, relación de efectivos participantes, datas de inicio e finalización da campaña e demais aspectos relevantes, ao efecto de valorar a procedencia de outorgamento ou recoñecemento de eventuais complementos de produtividade nos termos recollidos nas vixentes instrucións sobre plantilla (Expte 27874-220).

A percepción do dito complemento queda supeditada ó informe da xefatura do Laboratorio municipal no que se acredite a correcta prestación dos servizos extraordinarios que implica o desenvolvemento da campaña, e no que se informe favorablemente a dedicación e rendemento dos traballadores do servizo, non orixinando o seu abono ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo

En data 10/10/2016, recibese no Servizo de Recursos Humanos Documento 160123396 no que remite a este servizo informe acreditativo da efectiva realización dos traballos asinado polo capataz do Servizo de Desinfección, a Directora do Laboratorio Municipal e a Concillería delegada da Área e que inclúe relación de efectivos participantes, datas de inicio e finalización da campaña e demais aspectos da mesma.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, en concreto a Instrución 3ª h) establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase a activi-

dade extraordinaria pola realización de campañas de desinfección, desinsectación, etc., do Laboratorio municipal cando por necesidades do servizo fose necesario acometer anualmente algunha actuación extraordinaria fora da xornada normal de traballo, tendente á desinfección, desinsectación ou desratización no termo municipal, concederáse a instancias da Xefatura do Laboratorio Municipal un complemento de produtividade que sirva para recompensar o esforzo, dedicación e rendemento esixido para a correcta implantación destas medidas conxunturais, polo importe que expresamente dispoña a Xunta de Goberno Local. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, para os servizos extraordinarios (festividade, nocturnidade, xornada partida, etc.).

Segundo a participación do persoal na devandita campaña, as cantidades propostas tendo en conta o número de horas de participación na mesma, para o aboamento do complemento de produtividade son as seguintes:

Nº PERSOAL	CATEGORIA	NOME	TOTAL DIAS TRABALLADOS	TOTAL DE HORAS	PRODUCTIVIDADE
80360	OFICIAL CONDUCTOR	LOPEZ RODRIGUEZ, MANUEL ALFONSO	38	266	3019,862416.38
22790	OFICIAL DESINFECTOR	SOUSA ATRIO, JOSE MANUEL	38	266	3019,86
81369	OFICIAL DESINFECTOR	SEIJAS FERNÁNDEZ, ALBERTO	38	266	3019,86
16350	CAPATAZ D.D.D.	SEIJAS ALVAREZ, JOSE RAMON	37	259	2940,40

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado na ley 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2015, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos. As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos representantes sindicais como do resto

de empregados municipais. Neste senso, o Capataz do Servizo de Desinfeccion co conforme da Directora do Laboratorio Municipal e a Concelleira Delegada da Area relacionan o grao de participacion de cada un dos efectivos participantes no desenvolvemento da campaña de desratizacion realizada nos meses de maio, xuño e xullo de 2015

Segundo as competencias que o artigo 127.1.h) da lei 7/85, Reguladora das bases de réxime local, introducido pola lei 57/2003, de 16 de decembro, lle atribue á Xunta de Goberno Local (aprobación de retribucións do persoal de acordo cos orzamentos e demais cuestións de persoal non atribuídas a outros órganos), a aprobación da asinación de productividades previo informe da Intervención Xeral e a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente.

Feitas as consideracións precedentes, sómétese á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Outorgar aos funcionarios do Servizo de Desinfeccion que a continuacion se relacionan un complemento de produtividade polos importes que se inidcan, polo especial rendimento, iniciativa e interese demostrado no desempeño das funcións encomendadas na realizacion da Campaña de desratizacion levada a cabo nos meses de xuño e xullo do ano 2016:

–D Jose Manuel Sousa Atrio, Oficial desinfectador, con nº de persoal 22790, por importe de 3019,86€

–D Alberto Seijas Fernandez, Oficial desinfectador, con n de persoal 81369, por importe de 3019,86.€

–D Ramón Seijas Alvarez, Capataz do Servizo de desinfección, con nº de persoal 16350, por importe de 2940,40€

–D Manuel Alfonso López Rodriguez, Oficial condutor con nº de persoal 80360, por importe de 3019,86 €

Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 11999,98 € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo a partida orzamentaria 922.0.1500000 “Productividade” (RC num 44524).

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1099).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DE INSPECTOR AUXILIAR DE OBRAS, SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS (OEP 2012) POR IMPORTE DE 734,34 EUROS. EXPTE. 28840/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2/11/16, dáse conta do informe-proposta do 28/10/16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Nº PER-SOAL	APELIDOS E NOME	HORAS XULLO	IMPORTE	HORAS AGOSTO	IM-POR-TE	HORAS SETEM-BRO	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
80679	ALONSO GONZALEZ, ANGEL	120,00	90,00	126,00	94,50	134,00	100,50	285,00
15881	ALONSO IGLESIAS, MANUEL	46,00	34,50	78,00	58,50	5,00	3,75	96,75
16797	ALVAREZ EREZ, JAIME	18,00	13,50	4,00	3,00	105,00	78,75	95,25
15496	ANDUJAR PICANS, FERNANDO C.	102,00	76,50	0,00	0,00	120,00	90,00	166,50
15237	BLANCO ÁLVAREZ, JOSE MANUEL	120,00	90,00	112,00	84,00	0,00	0,00	174,00
80659	CARBALLO MAGARIÑOS, JESÚS	36,00	27,00	6,00	4,50	7,00	5,25	36,75
77650	FERNMANDEZ RIVEIRO, JAVIER	18,00	13,50	108,00	81,00	134,00	100,50	195,00
14953	FERNANDEZ RODRIGUEZ, MANUEL	0,00	0,00	12,00	9,00	0,00	0,00	9,00
15289	FERREIRO RIOS, DAVID	0,00	0,00	12,00	9,00	6,00	4,50	13,50
82143	GRAÑA FEIJOO, DAVID	71,00	53,25	94,00	70,50	65,00	48,75	172,50
16142	MARTINS FERNANDEZ, JUAN A	0,00	0,00	6,00	4,50	0,00	0,00	4,50
79184	MOLARES BARGIELA, OSCAR	0,00	0,00	130,00	97,50	140,00	105,00	202,50
79135	PECO LORENZO, FLORENTINO	78,00	58,50	0,00	0,00	114,00	85,50	144,00
13221	PRIETO DOMINGUEZ, FLORENTINO	135,00	101,25	100,00	75,00	133,00	99,75	276,00
80454	PUENTE VEIGA, ALFONSO	120,00	90,00	118,00	88,50	101,00	75,75	254,25
15450	QUINTAS PEREZ, MANUEL	6,00	4,50	0,00	0,00	0,00	0,00	4,50
82144	TRONCOSO MARTÍNEZ, AVELINO	94,00	70,50	0,00	0,00	90,00	67,50	138,00
79386	VAZQAEZ PAZO, RAMÓN	18,00	13,50	0,00	0,00	0,00	0,00	13,50
80494	VILLAVERDE VILLAVERDE, JOSÉ MANUEL	0,00	0,00	0,00	0,00	48,00	36,00	36,00
			736,50	906,00	679,50	1.202,00	901,50	2.317,50

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1104).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2016. EXPTE. 28823/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2/11/16, dáse conta do informe-proposta do 27/10/16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Con data 05/10/2016, a xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co visto e praxe da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saúdable, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de Setembro-2016, así como as datas de realización de dito exceso.

A instrución cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 470 horas.

Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a inclusión na Instrucción 4º do Cadro de Persoal da "actividade extraordinaria e especial dedicación do persoal administrativo que presta servizos na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estrutural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuirase con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada", que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 3.484,50 € anuais, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.

O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.

Compróbase por parte desta Área de Recursos Humanos e Formación que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.

A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc.

No escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 05/10/2016 figura relación do persoal, indicando Nº de persoal, datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de Setembro de 2016, debidamente asinado e conformado pola concelleira delegada da Área.

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No citado Real Decreto Lexislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concibindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que este está destinado a retribuír os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacións”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de Setembro-2016, segundo o recollido na Instrución Cuarta apartado f) sobre Cadro e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacións”, por importe total de 1.116,44 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas en concepto de gratificacións, haberán de responder a servizos extraordinarios realizados fora da xornada normal de traballo e non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
13758	Rosende Ríos, Gumersindo Manuel	558,22 €
13570	Hermida Rodriguez, José Luis	558'22 €
	IMPORTE TOTAL.....	1.116,44 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1105).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2016. EXPTE. 28835/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2/11/16, dáse conta do informe-proposta do 28/10/16, asinado pola técnica de Formación e

Avaliación, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Recíbese escrito do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 05/10/2016, co visto e prace da concelleira-delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Setembro-2016, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañá de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).

Así mesmo, no informe de data 05/10/2016 sinalan os días nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por esta Área de Recursos Humanos e Formación, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Real Decreto Lexislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concibindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade “a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo. De acordo coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar no ano 2016 sería 3'68 €/día , aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Regulado-

ra das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I, correspondente ao mes de Setembro-2016 e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Produtividade”, por importe de 1.405,76 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo:

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importe día	Días traballados	Total euros
23490	Alfonso Paz, Jesús	3,68 €	22	80,96 €
82013	Alonso Vidal, Tomás	3,68 €	17	62,56 €
78372	Alvarez Lago, Jesús	3,68 €	20	73,60 €
13600	Cabaleiro González, Esteban	3,68 €	22	80,96 €
77225	Cid González, Alberto	3,68 €	22	80,96 €
82216	Comis González, Esteban	3,68 €	19	69,92 €
78122	Costas Riveiro, Rafael	3,68 €	12	44,16 €
79828	Cousiño Sendin, Mª Concepción	3,68 €	22	80,96 €
82747	Curras Villar, Manuel	3,68 €	20	73,60 €

78924	González Seijo, Antonio	3,68 €	22	80,96 €
82270	Marcos Fernández, Roi	3,68 €	22	80,96 €
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	3,68 €	17	62,56 €
76563	Pereira Fona, Juan José	3,68 €	18	66,24 €
83425	Rey Gómez, Fernando	3,68 €	20	73,60 €
82317	Rodríguez Cid, Miguel Ángel	3,68 €	22	80,96 €
76430	Rodríguez López, Adolfo	3,68 €	22	80,96 €
83428	Vázquez Castro, José Luis	3,68 €	22	80,96 €
7224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	3,68 €	22	80,96 €
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	3,68 €	19	69,92 €
		Importe total	382 días	1.405,76 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1106).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO DE 2016. EXPTE: 28839/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4/11/16, dáse conta do informe-proposta do 28/10/16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

A directora do Laboratorio Municipal co visto e praxe da Concelleira-Delegada do servizo remite relacións do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de produtividade correspondente ao mes de Agosto-2016, por as tarefas que a diario desenvolve o persoal de dito servizo de control de pragas que van orientadas ao control curativo-preventivo de calquera praga (insectos, roedores, fungos, bacterias, etc.) que eclosione dentro do término municipal.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concibindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento– entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo

posterior da mesma (*Disposición Final Cuarta*) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola *Disposición Derogatoria Única*, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que "aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes, que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 123,43 €/mes. Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto".

No presente expediente relaciónase o persoal da Unidade de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos correspondente ao mes de Agosto de 2016.

O servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polo persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.

O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, correspondente ao mes de Agosto-2016, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Produtividade”, por importe de 264,49 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO

N.P.	Apelidos e Nome	Importe
16350	Seijas Álvarez, José Ramón	123,43 €
22790	Sousa Atrio, José Manuel	123,43 €
81369	Seijas Fernández, Alberto	17,63 €
IMPORTE TOTAL.....		264,49 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(1107).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AOS CONDUTORES DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES AO 3º TRIMESTRE DE 2016. EXPTE. 28841/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8/11/16, dáse conta do informe-proposta do 3/11/16, asinado pola técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes.-

Dentro do persoal dependente da Alcaldía, figuran dous postos de condutor da Alcaldía, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas.

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para percibir un complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senón que teñen que estar a disposición da Alcaldía ou dos membros do Goberno municipal no momento no que sexan requiridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

O director do Gabinete da Alcaldía, a través de escrito de data 6 de outubro de 2016, solicita se lles abone un complemento de produtividade, de conformidade co disposto na base i) da Instrución 3ª sobre o cadro de persoal e Relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Xunta de Goberno Local en función das horas traballadas.

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 28/10/16, autorizou o referido o abono dun complemento de produtividade polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo durante o 3º trimestre-2016.

Fundamentos de dereito:

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuílo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo corresponde a Xunta de Goberno Local.

A este respecto, as vixentes instrucións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010, publicadas no BOP de data 16 de novembro seguinte, en concreto a citada instrución 3ª i), establece que "con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servizos como Conductor da Alcaldía e Policías-seguridad da Tenencia da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Xunta de Goberno Local e co devengo semestral, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servizo da Alcaldía e da Tenencia da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación".

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraranse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considérase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 4,75 € hora normal e de 7,37 € hora festiva, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:

–D. Manuel A. Vázquez Martínez, núm. persoal 18253, condutor da Alcaldía, por un importe total de 2.520,64 €.

–D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, condutor da Alcaldía, por un importe total de 2.195,00 €.

O importe deste expediente ascende a un total de 4.715,64 €, e imputaríase con cargo a partida 920.0.150.00.00 -produtividade-, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de Gastos.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que estes tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, o técnico de organización e planificación que subscribe, coa conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como condutores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamento no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante ó 3º trimestre do pasado ano 2016, de conformidade coa proposta do director do Gabinete da Alcaldía, de data 6 de outubro de 2016:

–D. Manuel A. Vázquez Martínez, núm. persoal 18253, condutor da Alcaldía, por un importe total de 2.520,64 €.

–D. Camilo Fontán Balbuena, núm. Persoal 22326, conductor da Alcaldía, por un importe total de 2.195,00 €.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(1108).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DOS SERVIZOS ENERXÉTICOS POR LIMPEZA ESPECIAL DE FONTES PÚBLICAS ORNAMENTAIS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016. EXPTE. 28842/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8/11/16, dáse conta do informe-proposta do 3/11/16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

O xefe do servizo de Limpeza remite a esta Área de Recursos Humanos e Formación con data 21/10/2016, escrito do "Complemento de produtividade do persoal do servizo de Electromecánicos que participa nas tarefas de limpeza das fontes públicas ornamentais do Concello de Vigo, correspondentes ao 2º trimestre do ano 2016.

Relaciónase aos funcionarios don Juan Davila Pérez (nº persoal 14491-DNI 35988970) e don Francisco Javier Bea Puentes (nº persoal 79136 DNI 36119786), ambos adscritos ao Servizo 444 "Electromecánicos".

Achéganse relacións dos días traballados, lugar de traballo e identificación da fontes/s pública así como o tempo adicado a ditas funcións.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do

Estado para o ano 2016 , que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

No presente expediente inclúense informe de petición de aboamento de complemento de produtividade polo desempeño das funcións correspondentes as funcións encomendadas, conformado polo concelleiro da Área así como relación dos días traballados realizando as funcións de limpeza especial de fontes públicas, lugar e identificación das fontes públicas e duración da mesma.

Nas vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos vixentes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, no seu apartado TERCEIRO n) contempla o aboamento, con carácter transitorio en tanto non sexa decidido outro sistema de xestión polo Goberno Municipal, dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de electromecánicos que participan no operativo da limpeza especial das fontes públicas ornamentais, supeditado en todo caso o informe do responsable do servizo, acreditativo do rendemento e dedicación dos traballadores propostos polas seguintes cuantías:

Responsable da brigada : 351,05 € trimestrais

Persoal de oficios : 280,84 € trimestrais

Dacordo coa actualización das retribucións dos empregados públicos contida na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, as cantidades a percibir no ano 2016, actualizadas co 1% de incremento seran:

Responsable da brigada : 354,56 € trimestrais

Persoal de oficios : 283,64 € trimestrais

O aboamento das productividades efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Non embargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

Tendo en conta os importes trimestrais sinalados anteriormente para o ano 2016 e dado que Juan Davila Perez (Responsable de brigada) estivo ausente do seu posto de traballo do 11/04/2016 ao 11/07/2016 por I.T., e Francisco Javier Bea Puentes (Oficial de oficios) disfrutou de 4 días de permisos no 2º trimestre do ano 2016, segundo os datos que figuran nesta Área, correspondería o aboamento das cantidades seguintes:

N persoal	Nome	a percibir
14491	Juan Davila Perez	39.39 €
79136	Francisco J Bea Puentes	271,03 €

Considerando a motivación exposta, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

– Recoñecer aos empregados municipais adscritos ao Servizo de Electromecánicos que participan no operativo da limpeza especial das fontes públicas ornamentais, Juan Davila Pérez, con nº de persoal 14491 e Francisco Javier Bea Puentes, con nº de persoal 79136, as cantidades que a continuación se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instrucións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, correspondentes ao 2º trimestre do ano 2016.

Nº Persoal	Nome	Cantidade
14491	Juan Davila Perez	39.39 €
79136	Francisco J Bea Puentes	271,03 €
TOTAL		310,42 €

– Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 310,42 € en concepto de produtividade a favor dos funcionarios Juan Davila Perez, con nº de persoal 14491 e Francisco J. Bea Puentes, con nº de persoal 79136, polo período correspondente ao 2º trimestre do ano 2016.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(1109).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE LIMPEZA POR MANEXAR MAQUINARIA PESADA CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2016. EXPTE. 28872/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8/11/16, dáse conta do informe-proposta do 7/11/16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Con data 11/10/2016, recíbese na Área de Recursos Humanos, asinado polo xefe do servizo de Limpeza, co visto e praxe do concelleiro-delegado da Área, relación de persoal do servizo de Limpeza que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por manexar maquinaria pesada, correspondente ao 3º trimestre de 2016.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No TREBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concibindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións

correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira , apartado f) sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, actualmente vixente, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria dos oficiais condutores que utilicen palas sen habitualidade, por un importe de 0.74 por cada hora de conducción. Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.

Da análise da documentación comprobouse a existencia dunha relación do persoal do servizo con indicación dos días traballados, total de horas e importes segundo o estipulado na instrución precitada así como relación da maquinaria pesada, co seu correspondente número de flota utilizada por cada un dos empregados relacionados nos días citados. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva utilización de maquinaria pesada polos efectivos municipais asignados á unidade , con indicación expresa das datas na que foi realizada a actividade laboral.

Infórmase así mesmo en escrito do xefe do servizo de Limpeza de data 11/10/2016 os traballos desenvolvidos pola maquinaria pesada de flota no 3º trimestre-2016.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “Instrucións en materia de planificación e xestión de Recursos Humanos derivadas da aplicación das

previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL), Lei 5/2014, do 27 de maio e lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a "Modificación puntual das instrucións en materia de planificación e xestión de Recursos Humanos derivadas da LRSAL e Lei autonómica 5/2014, do 27 de maio, en canto ao límite de gasto en concepto de produtividade e gratificacións. Expte. nº **25571/220**, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Produtividade", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización de maquinaria pesada, fundamentadas no informe emitido pola xefatura do servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado f) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran no listado anexo, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- "Produtividade", por importe total de 291,75 €, cantidade correspondente a suma da relación que se achega correspondente aos meses de xullo, agosto e setembro de 2016.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso

contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo

COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR MANEXO DE MAQUINARIA PESADA CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE-2016								
Nº PER-SOAL	APELIDOS E NOME	HORAS XULLO	IMPORTE	HORAS AGOSTO	IMPORTE	HORAS SETEMBRO	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
80791	PÉREZ RODRÍGUEZ, ANTONIO	120,00	90,00	126,00	94,50	143,00	107,25	291,75

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(1110).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES AO MES DE SETEMBRO DE 2016. EXPTE. 28874/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8/11/16, dáse conta do informe-proposta do 7/11/16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Distintos servizos e unidades municipais remitiron a Área de Recursos Humanos e Formación, relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes ao mes de Setembro-2016, todas elas co visto e prace dos Concelleiros-Delegados de cada servizo.

As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), así mesmo que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €. Dacordo coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 2'75 €/hora, para os traballos en horas nocturnas e 4,06 €/hora, para os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos.

A distribución por servizos dos gastos orixinados polos conceptos de festividade e nocturnidade é :

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
----------	-----	----------------	---------	-----------------	---------	---------------

Alcaldía	Setembro	115,00	466,90	24,00	66,00	532,90
Policía Local	Setembro	7.251,04	29.439,22	7.867,35	21.635,21	51.074,43
Cemiterios	Setembro	623,50	2.531,41	0,00	0,00	2.531,41
Extinción de Incendios	Setembro	3.580,00	14.534,80	1.080,00	2.970,00	17.504,80
Turismo	Setembro	105,00	426,30	0,00	0,00	426,30
Museo	Setembro	35,25	143,12	0,00	0,00	143,12
Parque Móbil	Setembro	30,00	121,80	80,00	220,00	341,80
Parque Central	Setembro	200,00	812,00	270,00	742,50	1.554,50
Participación Cidadá	Setembro	24,00	97,44	0,00	0,00	97,44
Limpieza	Setembro	0,00	0,00	22,00	60,50	60,50
Vigozoo	Setembro	293,15	1.190,19	0,00	0,00	1.190,19
IMD	Setembro	802,50	3.258,15	561,00	1.542,75	4.800,90
Vías e Obras	Xullo	56,00	227,36	0,00	0,00	227,36
Bibliotecas	Setembro	16,00	64,96	0,00	0,00	64,96
Cultura	Setembro	3,00	12,18	0,50	1,38	13,56
Eleccións Parlamento Galego	Setembro	575,00	2.334,50	37,00	101,75	2.436,25
TOTAL		13.059,44	55.660,33	9.904,35	27.236,96	83.000,41

Nos informes que forman parte do expediente, asinados polas xefaturas e concellerías de área correspondentes figuran Servizo, Número de persoal, Nome do empregado, data e franxa horaria que dan lugar ao aboamento en concepto de gratificación dos recargos de festividade e nocturnidade, total de horas nas que cada empregado municipal desempeñou as súas funcións en xornada festiva ou horario nocturno e total a retribuir, segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos.

De todos os xeitos e dadas as dificultades de comprensión das relacións de persoal, manifestadas pola Intervención Xeral, aclárase:

No caso dos choferes de Alcaldía, amais da relación de datas e franxa horaria, é evidente que dito recargo se corresponde co desempeño das funcións propias e habituais do posto Conductor de Alcaldía.

Proponse o aboamento de gratificación por festividade ao persoal relacionado do servizo de cemiterios xa que, os cemiterios municipais atópanse abertos sábados, domingos e festivos, e deben dispor da presenza do persoal municipal.

Policia Local e Extinción de Incendios.- Os recargos por festividade e nocturnidade propostos corresponde ao exceso de xornada realizado polo persoal relacionado, derivadas de diversas actuacións e intervencións en distintos siniestros así como horas de asistencia ao xulgado (no caso da Policía Local), fora da xornada habitual de traballo, segundo fan constar os superiores xerárquicos do servizo, conformados polo concelleiro da Área.

Turismo.- informes de horas realizadas polo persoal do servizo de Turismo, por horario de apertura en sábados, domingos e festivos, segundo informe da xefa do servizo de Turismo, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Festas e Turismo, achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.

Museo.- informes de horas realizadas polo persoal do Museo, por horario de apertura en sábados, domingos e festivos, segundo informe do xefe do servizo de Museos, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes adscrito a dito servizo achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.

Parque Móbil.- Informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Parque Central.- informes de horas realizadas polo persoal do Parque Central, horario e motivo polo que se realizaron ditas horas, asinado polo xefe do Servizo e conformado polo concelleiro-delegado de Fomento.

Participación Cidadá.- informe do xefe de Participación Cidadá de data 18/08/2016, conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, de horas realizadas en programas de colaboración co "Consulado de Bolivia" os fins de semán, .

Limpeza.- informe do xefe do servizo de Limpeza de data 09/09/2016, conformado polo concelleiro-delegado de Limpeza, de horas realizadas polo persoal do servizo.

Vigozoo.- informe do director de Réxime Interior, de data 6/09/2016, conformado pola concelleira-delegada, das horas realizadas polo persoal de dito servizo, con indicación de horario e traballos realizados.

Vías e Obras.- Informe do xefe do servizo de Vías e Obras e Infraestructuras, de data 30/09/2016, sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Bibliotecas.- informe das horas realizadas polo persoal da Biblioteca Juan Compañel con motivo da apertura da biblioteca en días festivos.

Cultura.- informe sobre as horas realizadas con motivo das distintas programacións culturais as que deberá asistir o persoal do servizo para o seguimento dos espectáculos.

Conserxería.- relación detallada das horas realizadas polos conserxes-vixiantes dos Centros de ensino, con motivo das Eleccións do Parlamento Gallego.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

"Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Setembro	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontan Balbuena, Camilo	466,90 €	66,00 €	532,90 €
Policía Local	Setembro	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	29.439,22 €	21.635,21 €	51.074,43 €
Cemiterios	Setembro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.531,41 €	0,00 €	2.531,41 €
Extinción de Incendios	Setembro	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Veiga García, Rubén	14.534,80 €	2.970,00 €	17.504,80 €
Turismo	Setembro	De Díaz López, Emma a Barreiro Fidalgo, Natalia	426,30 €	0,00 €	426,30 €
Museo	Setembro	De Rodríguez Fernández, Javier a Ogando López, José Manuel	143,12 €	0,00 €	143,12 €
Parque Móbil	Setembro	De Alonso González, Ángel a Graña Feijoo, David	121,80 €	220,00 €	341,80 €
Parque Central	Setembro	De Arias Rodríguez, Dámaso a Rodríguez Leirós, Alfonso	812,00 €	742,50 €	1.554,50 €
Participación Cidadá	Setembro	De Abilleira Piñeiro, Paula	97,44 €	0,00 €	97,44 €
Limpieza	Setembro	De Pérez Rodríguez, Antonio	0,00 €	60,50 €	60,50 €
Vigozoo	Setembro	De Alonso Ferreira, Eugenio a Vázquez Iglesias, Ana	1.190,19 €	0,00 €	1.190,19 €
IMD	Setembro	De Alonso Campa de la, Alberto a Comesaña Guisande, Iván	3.258,15 €	1.542,75 €	4.800,90 €
Vías e Obras	Xullo	De Bastos Román, Jesús a Rodríguez Rocha, Rodrigo	227,36 €	0,00 €	227,36 €
Bibliotecas	Setembro	De Aguiar Castro, César a Vázquez Ruiz de Ocenda, Josefa	64,96 €	0,00 €	64,96 €
Cultura	Setembro	De Núñez Aboy, Marta	12,18 €	1,38 €	13,56 €
Eleccións Parlamento Galego	Setembro	De Alonso Iglesias, José Enrique a Vázquez Rodríguez, Javier	2.334,50 €	101,75 €	2.436,25 €
TOTAL			55.660,33 €	27.236,96 €	83.000,41 €

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 83.000,41 €, con cargo a partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(1111).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE CULTURA E BIBLIOTECAS DURANTE OS MESES DE XUÑO A OUTUBRO DE 2016. EXPTE. 15443/331.

Dáse cona do informe-proposta do 7/11/16, asinado pola xefa da Oficina Administrativa de Programación Cultural, o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, e o concelleiro de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento, e do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2008, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de gastos menor tramitados polo servizo de Cultura e Bibliotecas nos meses de xuño a outubro de 2016, e que son os que deseguido se relacionan:

Nº EXP.	CONCEPTO	PERCEPTOR	CIF/NIF	IMPORTE
15372/331	Contratación dun concerto de Kepa Junkera o venres 21 de outubro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	MAR MAIOR PRODUCCIÓN S.L.	B27434257	4.646,40 €
15383/331	Contratación de dúas funcións do espectáculo "Get Back" o venres 7 e o sábado 8 de outubro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura.	EMEDOUS PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN	B15778236	10.527,00 €
15384/331	Contratación dunha función do espectáculo "BU21" da compañía Avento Producións Teatrais, o xoves 13 de outubro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	JUAN MANUEL ABREU FERNÁNDEZ	36061864A	3.200,00 €
15385/331	Contratación dunha función do espectáculo "Autorretrato de un joven capitalista español" de Teatro del Barrio, o venres 14 de outubro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	EQM Serveis Culturals SCCL	F63315865	2.710,40 €
15387/331	Contratación de unha función de "Penev" de La Teta Calva, o venres 28 de outubro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	JOSE JAVIER GIMÉNEZ GINER	29185681S	2.052,44 €

Nº EXP.	CONCEPTO	PERCEPTOR	CIF/NIF	IMPORTE
15388/331	Contratación dunha función do espectáculo "Moby Dick" de Teatro Gorakada, o domingo 6 de novembro, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	TEATRO GORAKADA S.L.	B95831731	3.581,60 €
15389/331	Contratación dunha función do espectáculo "Leixaprem, non me veñas con cantigas", da compañía A Artística, o venres 11 de novembro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	A PRODUCCIÓNS ARTÍSTICAS S.L.	B27741792	3.290,00 €
15390/331	Contratación dunha función do espectáculo "Ale-Hop" da compañía As Driadas, o domingo 13 de novembro, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	ARTESTUDIO XESTIÓN CULTURAL S.L.	B70206008	990,00 €
15391/331	Contratación dunha función do espectáculo "O tolleito de Inishmaan" de Contraproducións, o venres 18 de novembro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	CONTRAPRODUCCIÓN S.L.	B70217336	4.779,00 €
15392/331	Contratación dunha función do espectáculo "Al tun tun" da compañía Teatre Móbil, o domingo 20 de novembro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	TEATRE MÓBIL S.L.	B62678461	3.049,20 €
15393/331	Contratación dunha función do espectáculo "Noiteboa" da compañía Redrum Teatro, o venres 25 de novembro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	REDRUM PRODUCCIONES S.L.	B70281894	3.509,00 €
15394/331	Contratación dunha función do espectáculo "Os vellos non deben namorarse" de Teatro do Morcego, o venres 2 de decembro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	TEATRO DO MORCEGO S.L.	B36143972	1.200,00 €
15395/331	Contratación de dúas funcións do espectáculo "Pequeña Max" da compañía Arena en los Bolsillos, o domingo 4 de decembro, ás 12 e 18 horas respectivamente, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	ELISA VARGAS LEÓN	44282017W	2.904,00 €

Nº EXP.	CONCEPTO	PERCEPTOR	CIF/NIF	IMPORTE
15396/331	Contratación de dúas funcións do espectáculo "Chefs" da compañía Yllana, o domingo 11 de decembro ás 18 e 20,30 horas respectivamente, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	CULTURACTIVA S.C.G.	F15983067	8.470,00 €
15397/331	Contratación dunha función do espectáculo "Invención" do Grupo Odaiko, o domingo 27 de novembro, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	ODAIKO DREA S.L.	B94078318	1.500,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

34(1112).- RECLAMACIÓN AO CONCELLO DE VIGO DE ABOAMENTO DE CANTIDADES POR SERVIZOS DE TRANSPORTE DE ESCOMBROS REALIZADOS CON OCASIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES NO ANO 2015. EXPTE. 4087/440.

Dáse conta do informe-proposta do 09/11/16, asinado polo técnico de Admón. Xeral do Servizo de Fomento, e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Con data de 25 de agosto de 2016, dona Yolanda Lema Crespo, titular da empresa TRANSPORTES YOLANDA LEMA, presentou ante o Concello de Vigo, reclamación das seguintes cantidades, que afirma se lle adebedan polos servizos de transporte realizados no ano 2015 con ocasión das de humanización da rúa María Berdiales de Vigo: 29.423,55 euros en concepto de principal e 2.563,94 euros en concepto de xuros de mora.

2. O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento remitiu a este técnico de administración xeral a dita reclamación para a emisión de informe xurídico o cal se emite nos termos que seguen con proposta de acordo a Xunta de Goberno Local

3. As cantidades reclamadas terían a súa orixe nos servizos encargados por contrato de transportes asinado entre Transportes Yolanda Lema e a empresa Excavaciones Antonio Alonso, S.L. subcontratista de Petrolam A Veiga, S.L., adxudicataria do contrato de obras licitado polo Concello de Vigo para a execución das obras de humanización da rúa María Berdiales, no ano 2015.

4. Dona Yolanda Lema Crespo fundamenta a súa pretensión en que a Disposición Adicional 6ª da Lei 9/2013, de 4 de xullo, pola que se modifica a Lei 16/1987, de 30 de xullo, de Orde-

nación dos Transportes Terrestres, recoñece que a transportista ten acción directa contra toda a cadea de subcontratación, incluso no suposto de que o cargador principal saldara a débeda coa primeira empresa da cadea.

5. Da dita reclamación deuse traslado, para alegacións, a Petrolam A Veiga, S.L. e a Excavaciones Antonio Alonso, S.L..

6. Excavaciones Antonio Alonso, S.L., a medio de comparecencia, de data 19/10/2016, manifestou que: que nada adebeda á mercantil reclamante como consecuencia da subcontratación de esta para o transporte dos escombros procedentes das excavacións realizadas pola súa representada, Excavaciones Antonio, S.L., en cumprimento do contrato asinado entre Excavaciones Antonio, S.L. e Petrolam A Veiga, S.L. para a execución das ditas obras de humanización; que a retirada de todos os escombros producidos nas excavacións contratadas entre Petrolam A Veiga, S.L. e Excavaciones Antonio, S.L. (4.394,72 m² de demolición de firme e adoquín) foi pagada a reclamante, con quen Excavaciones Antonio, S.L. subcontratou o seu transporte e que así o recoñece Transportes Yolanda Lema Crespo no seu escrito de reclamación; que achega o contrato con Petrolam A Veiga, S.L.; que as cantidades que reclama Transportes Yolanda Lema Crespo refírense a cantidades adeudadas por Petrolam A Veiga, S.L. pola retirada doutros escombros; e que esta retirada cuxo pago reclama foi pactada directamente entre Transportes Yolanda Lema Crespo e Petrolam A Veiga, S.L.

7. Petrolam Veiga, S.L., pola súa parte, en escrito que tivo entrada neste Concello de Vigo o 21 de outubro de 2016, manifestou, no que a este expediente interesa, que contratou coa mercantil Excavaciones Antonio, S.L. a retirada dos escombros; que non interviu na contratación que puido realizar esta última coa entidade Yolanda Lema Crespo; que cumpriu puntualmente coas obrigas pactada con Excavaciones Antonio, S.L. e que non lle consta a contratación desta con Yolanda Lema.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

A reclamación de abono de cantidades interposta por dona Yolanda Lema Crespo contra o Concello de Vigo debe ser rexeitada, por non ter esta acción contra o Concello de Vigo para a esixir o pago das cantidades reclamadas.

E isto porque a disposición adicional sexta da Lei, que invoca a reclamante como fundamento da súa pretensión contra esta Administración municipal, exceptúa expresamente da acción directa dos subcontratistas, que esta disposición adicional establece, á Administración pública contratante, no suposto de contratos administrativos, como é o que nos ocupa, ao dispoñer que a acción directa non terá lugar no suposto previsto no artigo 227.8 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por el Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro; artigo 227.8 TRLCSP, que referido á subcontratación nos contratos administrativos do sector público, establece no seu parágrafo 8 que «Os subcontratistas en ningún caso terán acción directa fronte á Administración contratante, polas obrigas contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos».

Daquela as pretensións de pago da reclamante deberán dirixirse e exercitarse contra Petrolam A Veiga, S.L. e Excavaciones Antonio S.L. ante a orde xurisdiccional civil

É competente para resolver e rexeitar a presente reclamación a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, como órgano de contratación que é desta Administración municipal (disposición adicional 2ª.3 TRLCSP)

Polo exposto, propónse que a Xunta de Goberno adopte o seguinte

ACORDO

Primeiro.- Rexeitar polos motivos que figuran na parte expositiva do presente acordo a reclamación ao Concello de Vigo, de pago de cantidades, formulada por dona Yolanda Lema Crespo, con data 25 de agosto de 2016, en concepto de cantidades debidas e non pagadas polo adxudicatario do contrato de obra para a humanización da rúa María Berdiales, no ano 2015, e a súa subcontratista.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo aos interesados no expediente, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(1113).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE 3 (SANEAMENTO MIMOSA, XORXA E ARNELA). EXPTE. 3265/443.

Dáse conta do informe-proposta de data 04/11/16, asinado polo xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 09.08.2016 o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas/ Xefe da Oficina emite informe no que se xustifica a conveniencia e idoneidade das obras de RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE 3 (SANEAMENTO MIMOSA, XORXA E ARNELA).

II.- En data 10 de agosto de 2016 o Concelleiro Delegado resolveu iniciar expediente para encomendar á Entidade Concesionaria AQUALIA a redacción do correspondente proxecto técnico de RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE 3 (SANEAMENTO MIMOSA, XORXA E ARNELA)

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- En data 21.11.2011 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa de xestión integral da auga.

No punto III do citado Acordo da Xunta de Goberno Local aceptase o compromiso da concesionaria asumido no seu escrito de aceptación de prórroga do contrato para a financiación dun plan de investimentos nas accións que se indican e según as contías e prazos de execución sinaladas no mesmo.

II.- En data 08.03.2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordenación do Procedemento de Contratación a seguir nas obras con cargo ao referido Plan de Investimentos.

No punto III do citado acordo establécese que dende a Área de Fomento proponse á Xunta de Goberno Local encomendar á entidade concesionaria Aqualia a redacción do correspondente proxecto técnico, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.,

III.- En data 22.03.2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o cadro de prezos de unidades de obra, establecido como obrigatorio no punto II do Procedemento de Contratación a seguir no Plan de Investimentos de Aqualia.

O proxecto encomendado debe, por tanto, atinguirse ao citado cadro de prezos de unidades de obra aprobado pola Xunta de Goberno Local. No caso de unidades que non figuren no mesmo aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado acordo.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE 3 (SANEAMENTO MIMOSA, XORXA E ARNELA)

2º.- Designar ao Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas/ Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos municipal, D. Jorge Muñoz Rama como director do proxecto de obras de RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE 3 (SANEAMENTO MIMOSA, XORXA E ARNELA)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(1114).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE CONTROL DE RECLORACIÓN NOS DEPÓSITOS DE BEMBRIVE, PRESAS I, PRESAS II, BEADE – QUINTIÁN, FACHO, SAIÁNS, PARQUE TECNOLÓXICO E MONTE CEPUDO. EXPTE. 4043/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 04/11/16, asinado polo xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 09.08.2016 o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas/ Xefe da Oficina emite informe no que se xustifica a conveniencia e idoneidade das obras de CONTROL DE RECLORACIÓNS NOS DEPÓSITOS DE BEMBRIVE, PRESAS I, PRESAS II, BEADE - QUINTIAN, FACHO, SAIANS, PARQUE TECNOLÓXICO E MONTE CEPUDO.

II.- En data 10 de agosto de 2016 o Concelleiro Delegado resolveu iniciar expediente para encomendar á Entidade Concesionaria AQUALIA a redacción do correspondente proxecto técnico de CONTROL DE RECLORACIÓNS NOS DEPÓSITOS DE BEMBRIVE, PRESAS I, PRESAS II, BEADE - QUINTIAN, FACHO, SAIANS, PARQUE TECNOLÓXICO E MONTE CEPUDO.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- En data 21.11.2011 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa de xestión integral da auga.

No punto III do citado Acordo da Xunta de Goberno Local aceptase o compromiso da concesionaria asumido no seu escrito de aceptación de prórroga do contrato para a financiación dun plan de investimentos nas accións que se indican e según as contías e prazos de execución sinaladas no mesmo.

II.- En data 08.03.2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordenación do Procedemento de Contratación a seguir nas obras con cargo ao referido Plan de Investimentos.

No punto III do citado acordo establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local encomendar á entidade concesionaria Aqualia a redacción do correspondente proxecto técnico, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.,

III.- En data 22.03.2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o cadro de prezos de unidades de obra, establecido como obrigatorio no punto II do Procedemento de Contratación a seguir no Plan de Investimentos de Aqualia.

O proxecto encomendado debe, por tanto, atinguirse ao citado cadro de prezos de unidades de obra aprobado pola Xunta de Goberno Local. No caso de unidades que non figuren no mesmo aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de CONTROL DE RECLORACIÓNS NOS DEPÓSITOS DE BEMBRIVE, PRESAS I, PRESAS II, BEADE - QUINTIAN, FACHO, SAIANS, PARQUE TECNOLÓXICO E MONTE CEPUDO.

2º.- *Designar ao Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas/ Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos municipal, D. Jorge Muñoz Rama como director do proxecto de obras de CONTROL DE RECLORACIÓN NOS DEPÓSITOS DE BEMBRIVE, PRESAS I, PRESAS II, BEADE - QUINTIAN, FACHO, SAIANS, PARQUE TECNOLÓXICO E MONTE CEPUDO.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(1115).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN POR MANGA DO COLECTOR DA RÚA RAMÓN NIETO Nº 74. EXPTE. 4044/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 04/11/16, asinado polo xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 09.08.2016 o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas/ Xefe da Oficina emite informe no que se xustifica a conveniencia e idoneidade das obras de REHABILITACIÓN POR MANGA DO COLECTOR NA RÚA RAMÓN NIETO Nº 74.

II.- En data 10 de agosto de 2016 o Concelleiro Delegado resolveu iniciar expediente para encomendar á Entidade Concesionaria AQUALIA a redacción do correspondente proxecto técnico de REHABILITACIÓN POR MANGA DO COLECTOR NA RÚA RAMÓN NIETO Nº 74.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- En data 21.11.2011 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa de xestión integral da auga.

No punto III do citado Acordo da Xunta de Goberno Local aceptase o compromiso da concesionaria asumido no seu escrito de aceptación de prórroga do contrato para a financiación dun plan de investimentos nas accións que se indican e según as contías e prazos de execución sinaladas no mesmo.

II.- En data 08.03.2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordenación do Procedemento de Contratación a seguir nas obras con cargo ao referido Plan de Investimentos.

No punto III do citado acordo establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local encomendar á entidade concesionaria Aqualia a redacción do correspondente proxecto técnico, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.,

III.- En data 22.03.2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o cadro de prezos de unidades de obra, establecido como obrigatorio no punto II do Procedemento de Contratación a seguir no Plan de Investimentos de Aqualia.

O proxecto encomendado debe, por tanto, atinguirse ao citado cadro de prezos de unidades de obra aprobado pola Xunta de Goberno Local. No caso de unidades que non figuren no mesmo aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de REHABILITACIÓN POR MANGA DO COLECTOR NA RÚA RAMÓN NIETO Nº 74.

2º.- Designar ao Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas/ Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos municipal, D. Jorge Muñoz Rama como director do proxecto de obras de REHABILITACIÓN POR MANGA DO COLECTOR NA RÚA RAMÓN NIETO Nº 74.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

38(1116).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE SUBSTITUCIÓN DA TUBERÍA DE ABASTECIMENTO DE FIBROCEMENTO POR FUNDICIÓN NA AVDA. DE SAMIL. FASE 1. EXPTE. 4045/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 04/11/16, asinado polo xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 09.08.2016 o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas/ Xefe da Oficina emite informe no que se xustifica a conveniencia e idoneidade das obras de SUSTITUCIÓN DA TUBERÍA DE ABASTECIMENTO DE FIBROCEMENTO POR FUNDICIÓN NA AVDA DE SAMIL. FASE 1

II.- En data 10 de agosto de 2016 o Concelleiro Delegado resolveu iniciar expediente para encomendar á Entidade Concesionaria AQUALIA a redacción do correspondente proxecto técnico de SUSTITUCIÓN DA TUBERÍA DE ABASTECIMENTO DE FIBROCEMENTO POR FUNDICIÓN NA AVDA DE SAMIL. FASE 1

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- En data 21.11.2011 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa de xestión integral da auga. No punto III do citado Acordo da Xunta de Goberno Local aceptase o compromiso da concesionaria asumido no seu escrito de aceptación de prórroga do contrato para a

financiación dun plan de investimentos nas accións que se indican e según as contías e prazos de execución sinaladas no mesmo.

II.- En data 08.03.2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordenación do Procedemento de Contratación a seguir nas obras con cargo ao referido Plan de Investimentos.

No punto III do citado acordo establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local encomendar á entidade concesionaria Aqualia a redacción do correspondente proxecto técnico, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.,

III.- En data 22.03.2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o cadro de prezos de unidades de obra, establecido como obrigatorio no punto II do Procedemento de Contratación a seguir no Plan de Investimentos de Aqualia.

O proxecto encomendado debe, por tanto, atinguirse ao citado cadro de prezos de unidades de obra aprobado pola Xunta de Goberno Local. No caso de unidades que non figuren no mesmo aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado acordo.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de SUSTITUCIÓN DA TUBERÍA DE ABASTECIMENTO DE FIBROCEMENTO POR FUNDICIÓN NA AVDA DE SAMIL. FASE 1

2º.- Desginar ao Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas/ Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos municipal, D. Jorge Muñoz Rama como director do proxecto de obras de SUSTITUCIÓN DA TUBERÍA DE ABASTECIMENTO DE FIBROCEMENTO POR FUNDICIÓN NA AVDA DE SAMIL. FASE 1.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

39(1117).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA PARA

INVESTIMENTO NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E DO EQUIPAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS. EXPTE. 18229/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Educación, do 10/11/16, conformado pola concelleira de Educación, que di o seguinte:

No D.O.G de 26 de xullo de 2016 publícase a ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016 (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020).

A Xunta de Goberno Local en sesión de 5 de agosto de 2016 acordou: "Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Política Social para a mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 anos dependentes do Concello de Vigo por importe de 35.000 € (20.000 € para realización de obras e 15.000 € para compra de equipamento e a integración das novas tecnoloxías na aula).

A Consellería de Política Social en data 4 de novembro, resolve:

"A concesión da axuda solicitada polo Concello de Vigo. O gasto total suvencionable ascende a 25.272,31 € coa seguinte desagregación:

- a) Obras menores de adecuación e mellora das infraestruturas dos centros de atención á primeira infancia, así como obras novas de escasa contía que melloren a accesibilidade ou doten o edificio de servizos necesarios: por importe de 10.472,31 € para a realización das que constan na memoria presentada coa solicitude excepto as que se detallan a continuación que non son elixibles como gasto subvencionable: obra de acondicionamento da entrada de carruaxes na escola infantil de Navia.*
- b) Dotación de conexión á internet e compra de dispositivos (ordenador, encerado dixital, gravadoras, cámaras de vídeo e similares) para a integración das novas tecnoloxías na aula por importe de 14.800,00 € para a realización das actuacións para oito escolas infantís municipais que constan na memoria presentada coa solicitude.*

As axudas concedidas condicionaranse ao cumprimento de todas as obrigas establecidas na Orde do 13 de xullo de 2016, e a aceptación da axuda implica declarar que o Concello de Vigo ten capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as súas condicións e aceptar a inclusión na lista pública de operacións previstas no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como na Base Nacional de Subvencións. Así como, aceptar a obriga de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión e cumprir a normativa en materia de contratación pública.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das

Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Aceptar a axuda concedida pola Consellería de Política Social para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís municipais, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por importe de 25.272,31 € coa seguinte desagregación:

- *Obras menores de "Pavimento para a zona de xogos posterior na Escola Infantil Municipal "Casiano Martínez"-Bouzas, por importe de 10.472,31 €*
- *Dotación de oito equipos para a integración das novas tecnoloxías na aula (videoproxector, encerado dixital interactivo, soporte para proxector, altavoces, caixa de conexións e cables, ordenador portátil, escáner de mesa) por importe de 14.800,00 € para as escolas infantís:*

- *EIM Santa Cristina*
- *EIM Atalaia*
- *EIM Santa Marta*
- *EIM Costeira*
- *EIM Tomás A. Alonso*
- *EIM Bouzas*
- *EIM Mestres Goldar*
- *EIM Navia*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

40(1118).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.